

CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32/07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

D. José López González, Secretario-Interventor do Concello de Paradelas, Provincia de Lugo

Certifico: Que o Pleno en sesión ordinaria celebrada o 23 de xuño de 2015 adoptou, entre outros, o acordo que trascrivo literalmente a continuación:

“9º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ADICACIÓNS EXCLUSIVAS E RETRIBUCIÓNS, ASISTENCIAS POLA CONCURRENCIA ÁS SESIÓNS DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DA CORPORACIÓN E INDEMNIZACIÓNS POLOS GASTOS EFECTIVOS OCASIONADOS NO EXERCICIO DO CARGO.

Procédese por parte do Sr. Alcalde-Presidente a dar lectura da seguinte proposta

“En aplicación do establecido no artigo 75.1, 2 e 5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local e 13 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, esta Alcaldía-Presidentencia eleva ao Pleno a seguinte PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Establecer coma cargos que levarán aparellada réxime de adicación os seguintes:

- Alcaldía-Presidentencia, adicación exclusiva.*
- 1º Tenente de Alcalde, adicación parcial, 25 % da xornada, concelleiro delegado de obras, infraesturas, xuventude e deporte.*
- Tesouraría, adicación parcial.*

SEGUNDO.- Fixar coma retribucións dos indicados cargos as seguintes:

- 40.000,00 euros brutos anuais distribuídos en 14 pagas iguais (12 mensuais e dúas extraordinarias a percibir nos meses de xuño e decembro) para a dedicación exclusiva do cargo de Alcalde.

- 10.000,00 euros brutos anuais distribuídos en 14 pagas iguais (12 mensuais e dúas extraordinarias a percibir nos meses de xuño e decembro) para a adicación parcial do cargo de 1º Tenente de Alcalde, concelleiro delegado de obras, infraesturas, xuventude e deporte.

- 3.084,48 euros brutos anuais distribuídos en 14 pagas iguais (12 mensuais e dúas extraordinarias a percibir nos meses de xuño e decembro) para o cargo de Tesoureiro.

- As retribucións fixadas incrementaranse, anualmente, na mesma porcentaxe que establezan as Leis de Orzamentos do Estado para os Funcionarios Públicos.

- A persoa que obste os cargos citados, será dada de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo o Concello a cota empresarial que corresponda.

TERCEIRO.- Fixar o importe das asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da corporación dos que se forme parte, as actualmente establecidas nas Bases de Execución do orzamento xeral municipal do exercicio 2015:

- Cen euros (100,00 euros) por asistencia a sesión plenaria.*
- Sesenta euros (60,00 euros) por asistencia a Xunta de Goberno Local.*
- Sesenta euros (60,00 euros) por asistencia á Comisión Especial de Contas.*

CUARTO.- Fixar o importe das indemnizacións por gastos ocasionados polo exercicio de cargo representativo, as actualmente establecidas nas Bases de Execución do orzamento xeral municipal do exercicio 2015:



- Por uso de vehículo particular, 0,24 euros/km.
- Dieta enteira con aloxamento, 180 euros/día.
- Dieta enteira con manutención incluída, 90 euros/día.
- Media dieta con manutención incluída, 60 euros/día.

Paradela, a 18 de xuño de 2015. O Alcalde, Asdo.: José Manuel Mato Díaz.”

Sen que se produza debate algún, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos sete Concelleiros que asisten á sesión (cinco do Grupo Municipal do partido popular e dous do Grupo Municipal Socialista) sendo nove seu número legal de membros”.

E para que así conste e aos efectos oportunos, expido e asino a presente certificación, por orde e co visto e praxe do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz, en Paradela a vinte e catro de xuño de dous mil quince.

Vº e praxe
O Alcalde



Concello de Paradela
Lugo
Alcalde

O Secretario-Interventor



Concello de Paradela
Lugo
Secretaría